


**Valedor  
do Pobo**



D. Serafín J. González Prieto (Rptte. da SGHN)  
Apartado de Correos 330  
15780 Santiago de Compostela (A Coruña)

Expediente: C.6.Q/1784/13

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2013

Estimado Sr.:

## 1. Introducción

Nesta institución iniciáronse 628 expedientes de queixa como consecuencia de escritos dirixidos ao Valedor e relativos a diferentes aspectos do proxecto de explotación mineira de Corcoesto. Tamén se coñeceu un expediente de queixa de oficio da *Defensora del Pueblo*, que o arquivou á vista das actuacións previas da nosa institución, en aplicación do principio de colaboración (Lei 36/1985, pola que se regulan as relacións entre a institución do *Defensor del Pueblo* e as figuras similares nas distintas Comunidades Autónomas). A Defensora reclamou coñecer os detalles dos trámites das queixas, dos que lle demos traslado. Pola súa banda, dous deputados do Parlamento de Galicia, ao amparo do previsto no art. 14.2 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, relativo ás iniciativas dos deputados ante o Valedor do Pobo, promoveron tamén queixa polo mesmo motivo e reclamaron información sobre as actuacións levadas a cabo en relación co asunto. Ademais, recibimos unha iniciativa da empresa promotora da explotación, que foi respondida co rexeitamento das súas pretensións.

Xa no ano 2012 comezamos a recibir queixas sobre o asunto e como valoración provisional destas indicamos no Informe ao Parlamento correspondente a esa anualidade (páxina 200) o seguinte: *"Este ano recibíuse un considerable número de queixas en contra da posible instalación dunha mina en Corcoesto, en Cabana de Bergantiños (Q/889, 896, 897, 898, 899, 2026, 2311, 2389 e 2767/12). Referíanse a diferentes aspectos, como a deficiente avaliación de impacto ambiental da actividade, sobre todo no relativo ás consecuencias sociais da mina nun entorno humanizado, e á avaliación arqueolóxica, ambas cuestións pendentes de aclaración, posto que os informes enviados ata o de agora non xustificaron o actuado. Tamén se alegaba contaminación e mala xestión dos residuos, o que foi contradito pola*

*Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), e está pendente de aclaración definitiva."* O trámite destas queixas continuou, recibíronse moitas máis, con diferentes argumentos, e xa na actualidade, despois da análise que consta, pode facerse a valoración correspondente.

## **2. Os motivos das queixas**

Os aspectos que son obxecto de queixa concréntanse na falta de análise das repercusións do proxecto na realidade socioeconómica e da poboación, en especial no que se refire ás graves afectacións que sufrirán as explotacións madeireiras e gandeiras e a industria de transformación da madeira; na falta de comunicación persoal aos afectados do período de información para alegacións; na falta de tratamento adecuado dos datos científicos achegados en artigos publicados en revistas especializadas por científicos sobre a presenza de arsénico na zona; na falta de reacción adecuada ante a contaminación da auga na zona; no tratamento da zona como ambientalmente protexida; e noutros, como a actuación da empresa respecto das negociacións para a adquisición de terras mediante ameaza de expropiación ou a falta de avaliación adecuada dos aspectos culturais.

## **3. Requirimento de informes institucionais, dun informe técnico encargado polo Valedor do Pobo e recompilación doutra información**

A fonda investigación dos expedientes propiciou a chegada de inxente cantidade de documentación técnica procedente do ámbito científico. Préstase especial atención aos documentos focalizados nos aspectos da controversia evidenciada nos obxectos das queixas. Todo este material aparece anexado aos expedientes tramitados para a súa supervisión e consulta.

Requirimos información en diferentes ocasións ás Consellerías de Economía e Industria, de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e de Sanidade, que nos remitiron os seus informes. Unha vez analizados eses informes deduciuse que algúns aspectos non foran aclarados convenientemente, polo que esta institución requiriu novos informes aos mesmos órganos.

Tamén se encargou un ditame a un equipo do Departamento de Enxeñería Química da Escola Técnica Superior de Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela, co fin de aclarar algún aspecto técnico de diferentes cuestións que eran interpretadas de forma moi distinta por cada unha das partes, en especial o relativo á posible afectación por arsénico. Como catedrático especialista na materia tamén se tratou o asunto co reitor da Universidade de Santiago de Compostela, que previamente aconsellou que o traballo fora feito por un determinado profesor desa universidade, que non obstante declinou a nosa invitación por

diferentes motivos. Así, o informe foi finalmente encargado ao equipo mencionado, que se integra na Universidade de Santiago de Compostela, pero non a esta institución académica como tal. O Informe xa foi elaborado e entregado, e leva por título *Informe sobre a análise do complexo mineiro-productivo de ouro en Corcoesto*.

Ademais, tivéronse en conta diversos artigos científicos, como o asinado polos investigadores Marta Costas, Ricardo Prego, Ana V. Filgueiras e Carlos Bendicho, do Dept. de Química Analítica e Alimentaria da Universidade de Vigo e do CSIC ("*Land-ocean contributions of arsenic through a river-estuary-ria system (SW atrope) under the influence of arsenopyrite deposits in the fluvial basin*", publicado na revista *Science of the Total Environment*, páxinas 304-314, volumes 412-413); tamén o realizado por profesores e investigadores da Universidade de Santiago de Compostela que trata este tema (*Assessment of enrichment factors and grain size influence on the metal distribution in riverbed sediments, Anllons River, NW Spain*; Rosa Devesa-Rey, Francisco Díaz-Fierros e María T. Barral; *Environ Monit Assess*; Published online, 20 october 2010); un terceiro documento aclaratorio da polémica técnica, *Potencial mobilización de arsénico en los materiales geológicos y residuos mineros de Corcoesto: Una revisión crítica*" (27-06-13), asinado polos mesmos autores do segundo artigo; e un informe do CSIC, encargado pola *Defensora del Pueblo*, elaborado polo prof. Prego, un dos asinantes do primeiro artigo.

Finalmente utilizáronse diversos materiais relacionados cos obxectos das queixas, entre eles informes encargados polos interesados, por organizacións ambientais e pola propia empresa promotora. Todos eles constan enumerados no expediente matriz.

#### **4. Primeira valoración dos motivos de queixa e da información requirida**

Como se sinalou, no trámite das numerosas queixas coñecidas requirimos información en diferentes ocasións ás Consellerías de Economía e Industria, de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e de Sanidade, que remitiron os informes. Unha vez analizados fixemos unha primeira avaliación deles, indicando ás consellerías que algúns aspectos non parecían adecuados, polo que insistimos na necesidade de aclaralos ou corrixidos. Así pois, a nosa posición respecto deses aspectos resultou crítica, no senso de non compartir a posición transmitida pola administración ou entender que non se xustificaba o actuado. Fíxose unha primeira valoración crítica do tratamento das repercusións sociais e económicas do proxecto; da falta de notificación aos afectados do período de información pública; da contaminación da auga na zona; e do tratamento da zona como ambientalmente protexida. Pola súa banda, o contraste das diferentes interpretacións sobre os artigos científicos sobre a presenza de arsénico na zona tratou de facerse mediante análise propia, co apoio dun informe encargado ao equipo que se considerou adecuado, tal e como sinalamos.

Cando tivemos determinados informes complementarios e tamén os aportados por diferentes fontes, como a propia promotora do proxecto ou as organizacións opostas, trasladamos á administración o criterio de que, tanto da información propiamente administrativa (a que nos trasladaron as consellerías) como das cuestións que non se respondían expresamente ou non se aclaraban, debía deducirse que se daban determinadas actuacións aparentemente non adecuadas no proceso.

A través de manifestacións en sede parlamentaria coñecemos que a administración finalmente rexeitou o proxecto, polo que xa non resulta preciso formalizar as actuacións que se poderían deducir de todo o dito. O que coñecíamos nas queixas era un trámite global no que existían diferentes actos de trámite das dúas consellerías que actuaban, o órgano substantivo (Consellería de Economía e Industria) e o ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas); e dado o rexeitamento global do proxecto, este ten como consecuencia que decaían todos os actos de trámite do mesmo, entre eles a avaliación ambiental. Non resulta aplicable o previsto para a posible caducidade das declaracións, posto que a pervivencia durante un prazo prevese para os casos en que se deu a autorización ou aprobación do proxecto e este non comezara a executarse (art. 14 do Real Decreto Legislativo 1/2008).

## **5. Detalle da valoración feita**

a) Os datos científicos sobre a presenza de arsénico na zona.

Os reclamantes, entre os que se atopan organizacións contrarias ao proxecto, manifestan que do artigo científico asinado polos investigadores Marta Costas, Ricardo Prego, Ana V. Filgueiras e Carlos Bendicho, do Dept. de Química Analítica e Alimentaria da Universidade de Vigo e do CSIC, e do realizado por profesores e investigadores da Universidade de Santiago de Compostela que trata este tema, Rosa Devesa-Rey, Francisco Díaz-Fierros e María T. Barral, colíxese que a zoa presenta altas concentracións de arsénico e que esa circunstancia está relacionada coas actividades mineiras, e que diso resulta un argumento en contra de volver á actividade mineira na zona, posto que se produciría unha maior mobilización do arsénico presente na natureza do lugar.

Do exame dos primeiros informes achegados pola administración autonómica deduciuse que a interpretación respecto do contido dos artigos en cuestión era discrepante. A Xunta interpretaba que dos estudos científicos invocados debía deducirse que *"a zona de Corcoesto presenta de forma natural arsénico en concentracións variables"* e que *"non existen evidencias de que os ditos niveis sexan consecuencia da actividade humana"*. Cando a posición da administración se fixo pública algúns afectados e entidades reafirmaron a súa interpretación contraria á que fixo a consellería respecto dos estudos científicos, como sucedeu coa Sociedade Galega de Historia Natural, que tamén promoveu queixa.

Á marxe do exame directo das diferentes fontes en cuestión, dado o carácter eminentemente técnico da controversia formulada, pola nosa banda requiriuse o informe do equipo da Universidade de Santiago de Compostela ao que xa nos temos referido. Nel indícase que os artigos poñen de manifesto unha elevada concentración de arsénico e que todos os autores coinciden en que os altos niveis de arsénico da zona se deben a “*unha orixe natural*”. Isto, que confirma a posición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, debe matizarse, posto que esa orixe natural non contradí que a actividade mineira anterior non aumentara os niveis “*sobre todo na zona dos sedimentos del río Anllons*”, como indican os estudos. A explotación favorece a súa aportación ao medio debido a diferentes circunstancias que se detallan (modificación do solo, fraccionamento, movementos do material, aumento da aireación ...), o que fai aumentar a biodisponibilidade do arsénico. Por tanto, se ben se confirma o exposto pola administración autonómica respecto da evidente orixe natural do elemento, a manipulación dos procesos mineiro e produtivo inflúe no aumento da dispoñibilidade ou mobilización do arsénico.

Nun senso parecido pronúnciase o artigo aclaratorio feito polos autores da segunda das publicacións que eran obxecto de discrepancias técnicas; a aclaración titúlase *Potencial mobilización de arsénico en los materiales geológicos y residuos mineros de Corcoesto: una revisión crítica*. Nel sinalan, entre outras cousas, o seguinte:

*“¿Es el arsénico presente en los suelos de Corcoesto y los sedimentos fluviales del Río Anllons de origen geológico o natural? Sí, sin duda. ... pero esto no significa que no sea un problema o que sea inocuo. (...) no exime del riesgo, si este arsénico se moviliza. (...) Esta movilidad aumenta drásticamente cuando las condiciones ambientales se modifican: cambios en el pH ... Aunque el arsénico presente exhiba poca movilidad, la gran cantidad de material que sería almacenado podría traducirse en que la cantidad neta de arsénico movilizado, y por consiguiente los aportes netos de arsénico a los cursos de agua naturales, sería muy alta. (...) ¿Las pasadas actividades mineras en la zona causaron una movilización del arsénico? Sí. Los estudios de perfiles de sedimentos ... y de datación realizados en el río Anllóns ... sugieren que las actividades mineras del pasado promovieron una movilización de arsénico, basándose en los enriquecimientos de arsénico observados en sedimentos correspondientes al período de actividad minera.”* Despois de sinalar que o arsénico é de orixe natural, coincidindo co aportado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, destaca tamén que *“la intervención humana ha exacerbado la contaminación por arsénico. (...) la minería de oro se ha asociado frecuentemente a la contaminación por arsénico y son numerosos los casos a nivel global, incluyendo los denominados “países desarrollados”, entre ellos Australia, Estados Unidos, Canadá y España, donde las explotaciones de extracción de oro han causado una liberación y redistribución de arsénico al medioambiente (...)”*. Así pois, sendo acertada -e concordante cos estudos- a afirmación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de que a orixe do arsénico é natural, no entanto debe tamén

afirmarse que a actividade mineira e os procesos de explotación non resultan neutros a estes efectos, senón que aumentan os niveis dispoñibles.

O informe do CSIS coincide basicamente co exposto ata agora; sinala que a orixe é natural e tamén que *“las mayores concentraciones de As-D se midieron en el área de Corcoesto”* e que *“se han señalado recientemente concentraciones mayores de As-D en algunos manantiales y aguas subterráneas”*.

É certo que as circunstancias da anterior explotación e as súas posibles consecuencias ambientais non teñen porqué coincidir coas da explotación que se pretendía. Con todo, resultaba unha obriga derivada do principio de prevención que, antes dunha eventual aprobación -o que agora se descarta-, se determinarán con exactitude as posibles relacións de causa e efecto entre as concentracións de arsénico e a anterior explotación.

b) A avaliación do complexo, a utilización de cianuro e os seus riscos.

A análise dos aspectos ambientais pareceu poñer o acento no proceso especificamente mineiro, cando o que se analizaba en realidade era un proceso máis complexo. Os aspectos ambientais do proceso produtivo parecen máis relevantes que os do proceso mineiro polo seu impacto e a súa permanencia no tempo en forma de residuos. O impacto máis significativo do proceso derívase da utilización do cianuro e da permanencia das balsas dos residuos; o risco da permanencia ponse de relevo nos accidentes deste tipo de industria.

Xunto cos riscos asociados á extracción a ceo aberto, o principal perigo da fase produtiva do proxecto é a utilización de cianuro. Ao respecto pronunciouse o Parlamento Europeo, que aprobou unha resolución (05-05-2010) *sobre la prohibición general del uso de las tecnologías mineras a base de cianuro en la Unión Europea*. Aprobou que *el cumplimiento de los objetivos de la UE, establecidos en la Directiva marco sobre la política de aguas, esto es, conseguir un buen estado químico de las aguas y proteger los recursos hídricos y la diversidad biológica, sólo puede lograrse mediante una prohibición general del uso de las tecnologías mineras a base de cianuro; pide a la Comisión que proponga la prohibición completa del uso de las tecnologías mineras a base de cianuro en la Unión Europea antes de finales de 2011, puesto que es la única forma segura de proteger nuestros recursos hídricos y ecosistemas de la contaminación por cianuro procedente de las actividades mineras, y que, al mismo tiempo, proceda a una evaluación de impacto ordinaria; ...; pide a la Comisión y a los Estados miembros que no presten apoyo, de forma directa o indirecta, a ningún proyecto minero en la UE en que se empleen tecnologías mineras a base de cianuro, hasta que sea aplicable la prohibición general, ni respalden proyectos de esas características en terceros países; ...; pide a la Comisión que proponga una modificación de la legislación vigente sobre la gestión de los residuos de las industrias extractivas, con objeto de exigir que todas las*

*empresas explotadoras estén obrigadas a dispor de un seguro para las indemnizaciones por daños y para cubrir todos los gastos de las medidas de reparación destinadas a restaurar el estado ecológico y químico original en caso de accidente o funcionamiento defectuoso ...* Posteriormente a Comisión Europea non aceptou esa iniciativa política do Parlamento Europeo e por tanto non concretou as medidas reclamadas; no entanto, á hora de avaliar as moitas queixas recibidas o Valedor do Pobo tivo moi presente a resolución, dada a natureza parlamentaria desta institución. Sería conveniente que se examine e resolva sobre a proposta, a prohibición do cianuro.

c) A avaliación ambiental e a autorización ambiental integrada.

De resultar aprobado o proxecto, ao promotor quedaríalle como trámite previo a Autorización Ambiental Integrada, que debería solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e no curso da cal deberían concretarse determinados aspectos do proceso produtivo. No entanto, á marxe da legalidade da forma de proceder que tratamos (primeiro avaliación ambiental e despois autorización ambiental integrada), parecíanos máis adecuado un trámite simultáneo, no que a avaliación se incluía como trámite da Autorización Ambiental Integrada. Do contrario o órgano ambiental podería verse condicionado polo xa resolto sen contar con todos os elementos de xuízo, por ter feito a avaliación cun tratamento insuficiente e desligado da autorización integrada. A solución apuntada, isto é, o tratamento conxunto, é a adoptada por algunha normativa autonómica e é a mais coherente coa normativa nacional, sen prexuízo de recoñecer que esta resulta certamente confusa. Así se manifesta a mellor doutrina que analiza este problema, por exemplo, o Prof. Rosa Moreno (*AAI y EIA: un enfoque integrado, 2003*). A tramitación simultánea é a práctica máis adecuada, tal e como se puxo de relevo no caso que examinamos.

d) Contaminación das augas da zona

Relacionado coa presenza de arsénico atópase o recoñecemento de que as augas subterráneas dalgúns terreos da zona se atopan afectadas por altas cantidades dese elemento. Coñecemos que determinados acuíferos da zona se atopan afectados e en varios os niveis son significativamente superiores aos permitidos. Para o tratamento do problema sanitario detectado -as augas en cuestión úsanse para consumo humano, do gando e para rego- a Consellería de Sanidade dirixiuse ao Concello de Cabanas para que adoptara as medidas precisas para o cumprimento do previsto no Real Decreto 140/2003, informe aos usuarios de que non deben consumir a auga e recomende que só sexa empregada para aseo ou limpeza. Esta consellería respondeu diligentemente á petición de aclaracións dos aspectos citados. Sinalou que o seu control se limita aos puntos de abastecemento con vixilancia sanitaria e que as respostas aos aspectos tratados deberan ser aportadas por

outros órganos. Sinalou que *“instouse aos concellos de Coristanco, Cabana de Bergantiños e Ponteceso a que identificaran os abastecementos de auga de consumo humano da parroquia de Corcoesto e as parroquias adxacentes que estiveran incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto e, por último, se lles instou a estes 3 concellos a que informasen á poboación, en xeral, do risco que pode supoñer o consumo de auga dos seus pozos privados sen analizar, e que recomenden que se realice como mínimo unha análise de control de arsénico dos mananciais. A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, a través da Xefatura Territorial de Sanidade de A Coruña, está a realizar o seguimento de todas as actuacións aplicadas por ditos Concellos”*.

Aínda de non coñecerse a relación causa-efecto entre a actividade mineira e a contaminación, o feito indiciario da súa coincidencia debería obrigar a facer efectivo o principio de precaución para o caso de continuar a tramitación -cousa que, como vemos, non sucede-, de tal forma que se estude adecuadamente o sucedido e se asegure que se adoptan medidas adecuadas, cousa que non se aclaraba.

#### e) Explotación mineira a ceo aberto

A extracción do mineral realízase mediante a apertura de bancos a distintos niveis e voaduras. Por tanto, o medio elixido era agresivo respecto da paisaxe e doutros factores.

#### f) A afectación a zona ambientalmente protexida

A afectación, aínda que sexa indirecta ou posible, de zonas ambientalmente protexidas (neste caso LIC e ZEPA) debería ser obxecto de avaliación específica; debería constar de forma expresa que se acredita o *plus de protección* que require a circunstancia.

#### g) Falta de tratamento adecuado das consecuencias do proxecto nos sectores económicos da zona

Un importante número de afectados alegou que non se dera unha adecuado análise das repercusións do proxecto na realidade socioeconómica e da poboación, en especial no que se refire ás afectacións que sufrirán as explotacións e a industria madeireira e gandeira. Confirmando o anterior, non se apreciou unha análise detallada deste importante aspecto; no estudo só se destacaban os evidentes aspectos positivos, fundamentalmente en materia de emprego, pero non os potenciais prexuízos sociais. Achegáronse informacións técnicas dos afectados, pero no tratamento das alegacións non se fai valoración da incidencia socioeconómica que foi posta de relevo ou alegada. É lóxico que os afectados reclamen a análise deses efectos e o pronunciamento da administración ao respecto, incluída unha análise comparativa beneficios/custos. Tal proposta ten respaldo legal no art. 1.3 do Real



Decreto legislativo 1/2008, que sinala que *“a avaliación do impacto ambiental identificará, describirá e avaliará de forma apropiada ... os efectos directos e indirectos dun proxecto sobre os seguintes factores: a) o ser humano ... d) a interacción entre os factores mencionados anteriormente”*. Por tanto, para o caso de que o proxecto prosperara, algo agora descartado, debería terse valorado a incidencia nas persoas afectadas, non só nos aspectos sanitarios ou estritamente ambientais, senón en calquera dos ordes da súa vida, entre os que se atopan de forma destacada o social e o económico, que resultan inseparables dos demais, como se desprende do texto legal citado.

#### h) A falta de notificación aos afectados

Os reclamantes sinalan que as administracións públicas deberan ter asegurado a participación real e efectiva das persoas interesadas no procedemento que tratamos, o que incluíría o aviso individual do trámite do proxecto. O art. 9.3 do Real Decreto Legislativo 1/2008 -Lei de Avaliación de Impacto Ambiental- sinala que *“o órgano substantivo informará as persoas interesadas ... do dereito a participar no correspondente procedemento e do momento no que poden exercitar tal dereito. A notificación indicará a autoridade competente a que se deben remitir as observacións e alegacións nas que se concrete tal participación e o prazo no que deberán ser remitidas. O dito prazo non será inferior a 30 días”*. Os informes achegados pola administración non aclararon que se deran esas notificacións individuais aos afectados; diso debe deducirse que implicitamente se confirma o achegado nas queixas. Debe terse en conta que a análise ambiental feita e sobre todo o seu resultado ten un carácter discrecional, polo que a marxe da administración é amplo; precisamente por esa razón é imprescindible o seu sometemento estrito as condicións procedimentais, que responden ás garantías dos potenciais afectados e do público en xeral.

#### i) A protección do patrimonio cultural

A través dunha queixa (Q/2122/12) confirmouse que o estudo arqueolóxico achegado pola empresa era antigo, polo que esta se comprometeu a aportar un complementario e a atender as posibles instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O indicado non se correspondía co legalmente previsto (art. 7 do RDL 1/2008), que obriga a que os estudos de impacto inclúan a *“... avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos do proxecto sobre ... os bens materiais, incluído o patrimonio histórico artístico e o arqueolóxico”*. Os estudos posteriores non emendan o defecto que supón a carencia do estudo de impacto, que saíu a información pública sen incluír unha parte preceptiva de forma adecuada. Por esa razón formulamos unha recomendación para que se esixa que o previo estudo teña o contido legalmente establecido, de tal forma que cando saia a información pública se atope completo; e que, para tratar os efectos do estudo incompleto coñecido na queixa, se avalíen as

consecuencias xurídicas do tratado. A necesidade de dar conta da efectividade do recomendado decae polo rexeitamento global do proxecto.

#### k) Outros aspectos relevantes

Segundo algunhas queixas, a empresa promotora remitiu aos propietarios dos montes unha carta certificada onde lles fala da expropiación forzosa dos montes. Nela a empresa alude expresamente ao proceso expropiatorio. As queixas refiren que a consellería permite esta mala práctica por parte destas empresas sabendo que a día de hoxe aínda non contan coa autorización da Xunta. En relación a esta actuación da empresa na negociación para a adquisición de terras mediante o aviso ou a ameaza da expropiación, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que tal circunstancia *"non forma parte do trámite de avaliación ambiental do proxecto"*. Ese tipo de actuacións previas resultan frecuentes por parte de empresas que actúan amparadas para os efectos que tratamos por sistemas ou declaracións que permiten a posible expropiación dos bens afectados, aínda que é evidente que resultan reprochables no mesmo senso que indican as queixas, posto que o proxecto non fora autorizado cando a empresa se dirixiu aos propietarios.

Un aspecto non aclarado é a base do procedemento que coñecemos: as concesións mineiras que a empresa cita como vixentes no seu estudo. As datas das mesmas resultan rechamantes (1912 e 1926), polo que, no caso de aprobación -o que non finalmente non sucede- resultaría preciso aclarar a situación das mesmas, aparentemente afectadas por circunstancias de caducidade.

Ademais, un importante número de queixas reclaman a declaración de ben de interese cultural de determinados lugares da zona. As solicitudes atópanse en curso e, dado o rexeitamento do proxecto, esta circunstancia xa non resulta relevante.


#### 6. Conclusión

As persoas que promoveron as queixas están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45). Á vista de todas as numerosas fontes de información recadadas fixemos as valoracións que describimos con anterioridade, e as diriximos aos órganos da administración competentes no procedemento, fundamentalmente as Consellerías de Economía e Industria e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. No procedemento a primeira participou como órgano substantivo, isto é, como o que decide finalmente, e a segunda como órgano ambiental, que decide respecto do acto de trámite incardinado no procedemento global, a avaliación ambiental.

Como vemos, foron moitas as actuacións levadas a cabo para a defensa do interese xeral. Dado que finalmente o proxecto foi rexeitado polo órgano decisorio, xa non resulta preciso formular resolución formal respecto do tratado, sen prexuízo de que quede constancia das valoracións feitas e de que se deu o curso adecuado a estas da forma que se considerou preciso en cada momento. No entanto, para o caso de producirse novos feitos que modifiquen os fundamentos nos que aparece baseada a presente resolución procederíamos a reabrir o procedemento e, no seu caso, a dar conta do novo criterio que corresponda.

Procedemos ao arquivo da presente queixa, sen prexuízo de reabrila pola achega de novos datos ou criterios, tal e como sinalamos.

Agradecemoslle a confianza que nos demostrou e saúdoo atentamente



José Julio Fernández Rodríguez  
Valedor do Pobo (en funcións)